



## DECRETO

D. Ángel Manuel Mato Escalona, Presidente da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, visto o informe-proposta do Xerente do 18/02/2021 que literalmente transcrito di:

“

### **INFORME-PROPOSTA**

O 07/07/2020 a Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol iniciou o expediente para a adxudicación por procedemento aberto do servizo de atención temperá.

Na súa sesión do 05/02/2021, a mesa de contratación do devandito procedemento realizou a apertura dos sobres B (criterios suxeitos a un xuízo de valor), acordando remitir os proxectos técnicos presentados ao persoal técnico idóneo para a súa avaliación.

De acordo á ORDE do 11 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014- 2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento BS700A), este persoal técnico debe pertencer a algún dos “seguintes graos: pedagogía, psicopedagogía, psicoloxía, logopedia, educación social, traballo social, maxisterio, enfermaría, terapia ocupacional, fisioterapia e medicina. O persoal deberá de estar especializado en desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou en apoio familiar, ou acreditar experiencia suficiente nestas materias”.

O 10/02/2021 realizouse solicitude ao Concello de Narón para que remitise proposta de nomeamento da persoa técnica que considerase idónea a este efecto; proposta que se efectuou o 16/02/2021 e que literalmente transcrita di:

“

Vista a solicitude de data 10.02.2021 no que solicitan ao Concello de Narón o nomeamento dunha persoa técnica idónea para a Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, comunicáselle que a persoa designada é:

- *María Yolanda Martínez García, avogada dos servizos sociais*

”

Por todo o anterior, **PROPONSE** o nomeamento de D<sup>a</sup> María Yolanda Martínez García como persoa técnica responsable da avaliación das ofertas suxeitas a xuízo de valor presentadas no procedemento aberto de adxudicación do servizo de atención temperá.

”

Vista a anterior proposta, **APRÓBOA** nos seus termos.

Así o manda e asina o Presidente da Mancomunidad.

Ferrol, na data da sinatura electrónica,



**MANCOMUNIDADE**  
Concellos da Comarca  
de Ferrol

O Presidente,  
Ángel Manuel Mato Escalona

Ante min, o Secretario,  
Leopoldo Moure García